

REGULAMENTO

O XXIV Concurso Figuras de Area Praia O Muíño está organizado polo Concello da Guarda coa colaboración de ANABAM e a Entidade Local Menor de Camposancos. Este concurso rexerase polo presente **regulamento**:

1. PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

Poden participar nenos e nenas **entre 3 e 16 anos (inclusive) nas 5 categorías**:

- **Categorías individuais**:

- **VERMELLO** - De 3 a 5 anos
- **GRIS** - De 6 a 9 anos
- **AMARELO** - De 10 a 12 anos
- **AZUL** - De 13 a 16 anos

- **Categoría GRUPO VERDE**: ata 4 compoñentes.

A inscrición realizarase o domingo 19 directamente na praia **O Muíño das 11:00 ás 12:00 horas**. A inscrición no concurso supón o coñecemento e aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión. Os dereitos de inscrición son gratuítos.

2. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

- A proba estará controlada por persoal da organización, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenrolo do concurso.
- Cada participante individual ou en grupo disporá dun espazo acotado de aproximadamente 2x2 metros.
- Para realizar as figuras poden utilizarse todo o material que se atope na praia e axudarse de ferramentas persoais.
- **O finalizar a proba as parcelas dos participantes deberán quedar recollidas dos materiais empregados.**
- O **xurado** estará composto por 3 membros nomeados pola organización e que estarán identificados. Só o xurado valorará as figuras dos participantes e decidirá os premiados.

3. HORARIO DO CONCURSO

- Das 12.00 ás 13.00 horas: o nenos realizarán as figuras de area. Os nenos que participen en grupos disporán de 15 minutos máis.
- Ás 13.30 horas: Entrega de premios a todos os participantes.
- A continuación, os gañadores de cada categoría recibirán os seus premios.

4. PREMIOS

- Agasallos para todos os participantes do "XXIV Concurso de Figuras de area".
- Premio para o 1º e 2º clasificado das cinco categorías.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:



Concello da Guarda

Praza do Reló, 1 -36780 A Guarda (Pontevedra)

Tel.986 614 546 - mail: deporte@aguarda.es

blog: deporteaguarda.blogspot.com

